

# IRIMIA



REVISTA MENSUAL  
DE CRENTE GALEGOS  
ANO XXXIX  
Nº 1016  
De xuño a xullo  
de 2020  
Benia quen constrúe  
a paz!

# Acoller, adoptar, apostar pola vida



O porvir: un mar de incógnitas



## O trasno

Daniel López Muñoz

### Catedralizar o litoral? Eremitizar o resto?

Na carreira das ocorrencias a Xunta de Galicia propuxo estender a todas as praias do país o modelo da praia das catedrais. Os alcaldes con praia, a través da FEGAMP, rexeitaron semellante idea. A Xunta recuou.

A cousa consistía nunha aplicación do móbil para reservar día e praia nunha plataforma chamada “praias seguras”. Coma na ITV. Habería que ter un móbil intelixente e saberse manexar, planificar a cousa, usar un código QR cando chegas á praia, conquistar un recuncho de dous por dous, a dous metros mínimo dos recunchos veciños, norte, sur, leste e oeste e, veña, a torrarse legalmente.

Se cadra, polo aquel da distancia social, a vantaxe destes sistemas é que exclúen de entrada a quen non teña a intelixencia no seu móbil, senón na súa cabeza e nas cousas que antes eran as importantes, parvadas como coidar da vida, da xente, da leira e dos netos. Chámanlle a fenda dixital e afecta máis aos maiores, ás mulleres e á xente de aldea. Vaia, vaia, aquí non hai praia.

A cousa era polo virus este e a desescalada. Pero arrepía só pensar no “mo-

delo Catedrais”. Masivo, tecnolóxico, motorizado, gregario. Ringleiras de coches, ruído a esgalla, reas de xente disfrazada de sendeirista, po, suor e ferro... o turista cabalga. E un dubida se algunha cabeza dirixente non cavilará en catedralizar de Camposancos á ponte dos Santos, unha costa de chiringos, atascos e présa por fotografalo todo, sen gastar un can nos negocios locais. A lume de carozo e *bocata de choped de Mercadona* no fardel. E co catálogo de todas as praias de Galicia no móbil! Mi ma!

Cómpre facer do virus unha oportunidade e cambiar o rumbo. Porque, falando do territorio e do seu equilibrio, mira que non hai sitio na Galicia interior para promover alternativas ben seguras, nin xente alí vivindo con boas casas de comidas e de durmidas. Porque a Galicia interior non é un kalahari con eremitas espaxados, vaites.

Tampouco é que os mil ríos nazan a dous quilómetros do mar, era boa. Nin é, por suposto, que os Ancares, o Courel, o macizo central, a Enciña da Lastra, a Ribeira Sacra, o Xurés ou o Ribeiro, a Terra de Montes ou a Fonsagrada, Celanova ou o alto Miño etc, etc... non sexan sorprendentes. Nin que os mil ríos, os cen mil sendeiros, fragas e fervenzas; os miradoiros, as aldeas, os petróglifos e a nosa xente, non sexan unha regalía.

Pero hai quen ten o “modelo” dentro.



## Pandemia e fe

Hai quen pregunta e demanda onde estivo, onde está Deus no medio desta pandemia. Ben para reivindicar a súa inutilidade, o seu anacronismo ou, en sentido contrario, a súa ira viva e presente, esa que cómpre aplacar con diversos métodos, algúns dos cales rompen, por certo, as normas de confinamento. Son o anverso e o reverso, a cara e a cruz da mesma idea infantil e infantilizante do divino: un “deus exmachina”, disposto e capaz dunha acción portentosa e inesperada que rompa o guión da película, da historia humana, do acontecer, das leis da natureza.

Deus é gratuíto, pero non superfluo, dicía o título do teólogo González Ruíz. Non é “necesario”, por suposto, no sentido de agardar ou implorar intervencións portentosas. Tampouco é necesario no sentido de que achegue solucións máxicas e receitas precisas de orde sanitaria, sociolóxica ou científica para solucionar os problemas que a humanidade provoca.

Non hai presenza portentosa, directa, nin se espera, grazas a Deus. O cristianismo seculariza a historia e a natureza. Só cabe, e cabe ben para quen teña esa sensibilidade, a lectura simbólica, a emoción poética fronte á fermosura natural, o abraio fronte ao misterio da beleza.

O lugar de Deus no cristianismo orixinal é a fraternidade humana en acto. O baixar do cabalo do samaritano, a acollida radical, a ruptura dos prexuízos cando hai que identificarse co débil, o desapego mesmo da propia vida, ese desfacerse polos outros que é a morte en cruz.

A fe é unha inspiración para a vida das persoas e as comunidades que aceptan e a cultivan. Non hai máis “actuación divina” ca a fraternidade humana. E se está ben organizada en sistemas e institucións de solidariedade, pois mellor aínda. E non é pouco. A iso chámalle a teoloxía das mediacións. Se algunha “actuación” se pode agardar de Deus, será indirecta, mediada polo comportamento humano. Por iso Deus non é superfluo, nin a fe persoal é unha banalidade.

No medio da pandemia o lugar de Deus, a inspiración de Deus, está na curación das feridas, na recuperación da catástrofe, no esforzo colectivo, no coidado persoal, nos que non fan negocio (tampouco “negocio político”) a costa do coronavirus, senón servizo na loita contra el.

É o mesmo lugar no que está Deus nas outras pandemias: na pandemia da fame (desas 30 000 persoas que morren diariamente por falta de alimento); a pandemia da xenofobia contra inmigrantes e refuxiados; a pandemia da desigualdade económica; e a pandemia da destrución dos nosos ecosistemas, destrución alentada polo egoísmo xeracional nuns tempos de abundancia material.

**Non hai máis  
“actuación divina”  
ca a fraternidade  
humana. E se está  
institucionalizada,  
mellor aínda**

# Amiguiños si...

Carlos Vázquez González

## En por nós e polo noso

A concepción neoliberal do Estado como o conxunto de estruturas públicas mínimas necesarias ao servizo da economía privada, que é a chamada a producir mellor e máis eficazmente os bens e servizos necesarios, estase mostrando fallida na resolución dos problemas que acosan a humanidade e a propia especie. O neoliberalismo fracasa porque, lonxe de reducir a fenda de desigualdade económica, social e de xénero, afonda nela e faina medrar ata extremos inasumibles desde o punto de vista ético ou humano. Ese proceso crecente está resultando incompatible cunha mínima e imprescindible estabilidade social e incluso coa viabilidade económica do propio modelo. Velaquí a crise profunda do sistema, que veñen anunciando tantos proféticos analistas desde hai ben tempo. Fracasa tamén o modelo neoliberal pola súa incapacidade pasada e presente de dar resposta adecuada á maior ameaza que nos afecta como especie: o perigo, certo e próximo, de extinción do xénero humano no planeta. É dicir, que estamos chegando ao punto no que a continuidade da vida na Terra será incompatible coa nosa especie e, polo tanto, aparece no horizonte a súa inviabilidade. Este problema, lonxe de atallalo, o modelo neoliberal o que fai é agravalalo.

De feito, na crise do coronavirus ambos os fracasos do neoliberalismo aparecen intimamente ligados, pois esta pandemia ten a súa orixe, está claro, na sobreexplotación económica salvaxe dos recursos naturais, coa conseguinte ruptura do equilibrio e das fronteiras naturais entre as especies. E aquí reaparece a utilidade dos Estados. Os únicos, con todos os erros, carencias e dificultades, que están sendo capaces de afrontar o problema global e transversal desta pandemia en todo o mundo. E fano a pesar da súa debilidade crecente, causada polas estratexias neoliberais desenvolvidas globalmente, con especial virulencia, desde os anos oitenta do pasado século.

As grandes empresas, oligopolios e corporacións, industriais ou financeiras, que se foron facendo con gran parte do poder fáctico global a base de minguar a influencia e o poder dos Estados, fracasan na abordaxe e resolución dos nosos problemas cardinais. Porque eles miran por eles, os problemas son nosos e o Estado somos nós. Esta é seguramente a fundamental lección que esta crise nos deixa. Agora queda por ver se damos aprendido e somos capaces de recuperar a forza e o poder do Estado, que somos nós, e a preeminencia do público que, con toda evidencia, é o noso.



Con todos os erros,  
os Estados son os  
únicos que están sendo  
capaces de afrontar esta  
pandemia



# A vaquiña polo que vale

Pedro F. Pedrouzo Devesa

IRMI

## Eisejuaz ou a esquizofrenia política española

Eisejuaz é un indio mataco no que se inspirou a escritora argentina Sara Gallardo para escribir, en 1971, unha novela desconcertante na que se narra a chamada divina que recibe Eisejuaz a través dunha lagarta, e que lle fai renunciar a todo. Sara Gallardo é unha das grandes antecesoras da excelente xeración actual de escritoras latinoamericanas que lentamente se vai consolidando nos catálogos das nosas editoriais. Eisejuaz é un punto de ruptura entre o mundo indíxena e o extractivismo occidental: “(...) *bótannos de aquí. Necesitan a terra para plantar caña. Pero é mellor así.*”

Un choque entre dous mundos e dúas formas de entender o vivir. E como a cabeza é caprichosa e fai asociacións curiosamente ridículas, non podo evitar pensar no momento económico e político que vivimos, tan absurdo como inexplicable, no que un Estado de alarma, que é en esencia unha figura centralizadora de competencias autonómicas, é case salvado por un partido independentista..., a cambio dunha reforma laboral, mentres outros grupos nacionalistas se absteñen porque “*non poden avala a teimosía da centralización*”. E non podo máis que identificarme coa esquizofrenia eisejuaziana na que se converteu o escenario político en España. Todos parecen actuar racionalmente, pero o resultado conxunto dista de ser racional, e en ningún caso é óptimo.

“*Todos os homes temos a cegueira como triste herdanza*”, escribe

Gallardo durante o decurso da súa novela. Lentamente, vaíse abrindo o escenario para unhas novas eleccións xerais, por sermos incapaces de formar gobernos estables. O poleiro está cada vez máis alterado e as decisións tómanse en tempo de desconto, cunha ínfima marxe de votos. Os espelidos son os que saen gañando. O durísimo impacto que vai ter a pandemia na nosa economía

só se poderá afrontar se mutuamente recoñecemos os espazos de representación de cada partido. O enorme rescate europeo necesitará acordos básicos comúns e mínimos nos que PSOE, PP, Podemos e Ciudadanos obrigatoriamente terán que sentar na mesma mesa, porque necesitamos definir que imos rescatar, como e para que, e os partidos nacionalistas deberán asegurar a eficacia e a coherencia do deseño e execución nos distintos territorios. O discurso frontista ten o encanto da coherencia cega... Un encanto ao que os nosos políticos, de dereita e de esquerda, parecen abonados, ao non distinguir a ideoloxía dos prexuízos.



**Todos parecen actuar racionalmente, pero o resultado conxunto dista de ser racional**

# O peto do santo Antón

Manolo Regal Ledo

## Vós podedes soñar



Ben o sabedes, pero por se hai algún despistado, preséntome: son o santo Antón e vivo niso que vós chamades o alén. Desde hai un pouquiño tempo cartéome convosco porque así mo solicitou o voso Manolo Regal. Fágoo con gusto.

A última carta que vos mandei foi de polos días do Nadal. E vaia a que armastes desde aqueles días! Nos meus paseos matinais –son moi mañanceiro–, ollando para Galicia, sorprendeume que todo estivese triste e parado, agás ao redor das vosas residencias sanitarias e mais das da terceira idade. Deseguida se espallou por aquí a nova do COVID-19, das infeccións, das mortes, dos velliños e velliñas que morrían a centos, a miles. Puiden conversar aquí, no alén, con algúns deles, que pouco máis sabían ca que morreran. Gústalles falar, sobre todo, dos familiares que non puideron despedir.

Aquí andamos preocupados por vós. Parécenos que o voso estilo de vida, de traballo, de producir, de consumir, de pasar o tempo, de administrar os recursos ten moito que ver co que vos pasa: unha infección tan rápida e xeneralizada, tanta dor e morte, tanto problema económico que afectará coma sempre, seguro, á xente que ten menos recursos, tanta liorta entre a xente que debería estar fortemente unida para amparar a sorte de todos. Oxalá atopedes as maneiras de lle dar cara á cousa. Desde aquí entendemos que non hai outra senón querervos moito, sen exclusión ningunha, e desde aí estar dispostos a soñar en compartir máis canto máis un teña. É soñar, verdade? Pero tedes que soñar, senón non hai Deus que vos salve!



E soñar con soños amorosos, deses que levan a investir no común tempos, esforzos, loitas e tamén gozos e festexos.

É unha hora grande a que estades a vivir. Podería ser tamén unha hora de firmes cambios de ritmo. O voso sistema non os vai promover porque sempre é avarento. Pero vós podedes facelo. Non deixedes de ler a cartiña que o papa Francisco o día da Pascua lles mandou aos irmáns e irmás das comunidades populares, entre as que eu vos conto.

Apertas. Todo o noso alento. Recordos de Carvalho Caleiro, sempre cos seus versos místicos na man; agora entende. Non para de falar en galego; aquí todos entendemos todo, pero cadaquén fala como lle praxe.

De corazón. O voso santo Antón.

### O CARRABOXO por XOSÉ LEIS



# O peto común

Josecho de la Torre

## Ramón e o seu acordeón

Sen aínda saír do desconcerto e a incerteza que reina nesta pandemia, sería unha verdadeira mágoa deixar no esquecemento a multitude de xestos e accións espontáneas que xurdiron por parte da cidadanía -as máis coñecidas- e a nivel individual. Non saíron na televisión ou, de facelo, non tiveron gran repercusión, pero lograron algo que hoxe non resulta común: facer veciñanza, poñerlle ao mal tempo música, humor e amosar que aínda é posible desandar camiños que nos foron deshumanizando.

Ramón Soage é un deses “rostros anónimos e espontáneos”. Naceu na parroquia de Ardán, en Marín, e actualmente vive no centro da vila. Ademais de sacar adiante a familia xunto á súa compañeira Sole, dedicouse á música, tocando durante máis de corenta anos na orquestra Tambo, da que foi un dos dous fundadores. Xubilado dende hai poucos anos, foi recuperando o tempo que a vida da orquestra quita xusto cando os demais máis dispoñen del. E nesas chegou o virus. Certo que Ramón nunca soltou as mans dos teclados definitivamente, pero o que nunca imaxinaría é que entre os centos de concertos que ofreceu en décadas, os máis emotivos non chegarían subido a un escenario, senón desde a terraza da súa casa. O 23 de marzo, coincidindo cos aplausos ás 8.00 h da tarde e despois de varios días saíndo a aplaudir, botou ao lombo un dos moitos acordeóns que garda e saíu á terraza que se albisca desde os edificios contiguos e céntricos de Marín pola parte interior da vivenda. Aquel ía ser o primeiro de case dous meses diarios entretendo a xente e combatendo as novas do desalento; puntualiño ás oito, era recibido con ovacións e despedido entre “outra, outra” ata case esgotar o repertorio...



Máis aló da festa diaria na terraza, foron compartíndose vídeos das súas actuacións, chegando a outra xente que non podía velo; ademais atendeu a dedicatorias, lembranzas, onomásticas, aniversarios e ánimos personalizados a enfermos por coronavirus. O 10 de maio, na véspera do cambio de fase, Ramón fixo o último concerto do confinamento pechando a porta da terraza para abrir a da rúa e atoparse cuns veciños agradecidos que debuxaban aquela frase de Einstein que dicía “Unha vida dedicada aos demais merece ser vivida”. É por iso que entre o mal recordo que a moitos deixará esta situación, estará o recordo, cando menos diferente, daqueles que acudían cada día á fiestra para escoitar a Ramón e o seu acordeón.

# Rumores de esperanza

Xan Guillén

Cando chegamos ao número mil de *Irimia*, dixéronnos que ían darlle un pulo á *Irimia* dixital. Era difícil non caer na tentación de quedar no mundo da internet e esquecer o papel, pero seguimos podendo rachar o plástico cando chega á caixa de correo e acarifiando a nosa revista. De todos os xeitos, como dicía hai case quince anos un amigo meu, o que non está na rede non existe, e *Irimia* existe na rede.

Veño de dar unha volta pola nova páxina web ([Irimia.gal](http://Irimia.gal)) e dá gusto vela. Sinxeliña, xeitosiña, fácil de usar... Algo que non é frecuente en moitas webs que andan por aí e que son coma eses faiados cheos de cousas que se van acumulando e que chega un momento no que non se sabe cando chegaron aí... Dá a sensación de familiaridade e de que o asunto está ben coidado.

É que neste tempo que estamos por rematar tivemos que aprender moitas cousas, sobre todo da rede. Tivemos que botar man da fiestra virtual para ver o noso mundo e coido que aprendemos dúas cousas. Esta fiestra tamén hai que coidala. Se queremos que o mundo virtual sexa útil, temos que ter un pouco de sentidíño e organización. Ademais aprendemos que o mundo é máis grande que unha pantalla e que é marabilloso sentir o aire na cara. Cando neste desconfinamento vaiades á praia, pechade a pantalla e os ollos e sentídeo. Un luxo de felicidade.





**REDES CRISTIANAS** emitiu un comunicado ante as declaracións do Secretario Xeral da Conferencia Episcopal, contrario á implantación do salario universal. Cren que manifesta unha insensibilidade social inaceptable e vai en contra do traballo desenvolvido por Cáritas e outras entidades a prol dunha renda mínima garantizada e suficiente. A situación de emerxencia social, a escaseza de traballo e os factores que defenden a medida chocan co argumento da CEE de que pode disuadir da busca de emprego.

Tamén en apoio da **RENDA BÁSICA** varios colectivos lanzaron a campaña “Nin Risga, nin Ingreso Mínimo Vital. Renda básica xa! para esixir ese dereito como resposta á emerxencia sanitaria. A crise do coronavirus revelou a ineficacia das políticas sociais, namentres a Risga, de contía claramente insuficiente, non serve para erradicar a pobreza nin cubrir as necesidades básicas. A Renda básica propónse como garantía dunhas condicións de vida digna para conquistar colectivamente outros dereitos.



## Redes Cristianas



En 2007 un grupo de franciscanos inicia en Toulouse os **CÍRCULOS DO SILENCIO** como reacción fronte á violencia contra as persoas migrantes. A súa é unha acción non violenta solidaria que denuncia as leis contrarias aos dereitos humanos e as políticas migratorias. Pretenden concienciar sobre o sufrimento e inxustiza das persoas migrantes, promover a solidariedade e mobilizar a cidadanía para procurar unha resposta de xustiza e dignidade para elas. En Galicia reúnense en Pontevedra, Vigo e Santiago.



Escola Municipal de Música Folk e Tradicional.  
Concello de Vigo

A Secretaría Xeral da Emigración puxo en marcha a **AULA GALICIA ABERTA**, con catro seminarios en liña (baile, gaita, percusión de man e canto e percusión tradicional). Trátase de obradoiros públicos e de balde que non precisan inscrición nin coñecementos previos e que se desenvolverán ata xuño (<https://emigracion.xunta.gal/es/actividad/aula-galiciaaberta>). Outras escolas de música tradicional do país comezaron tamén aulas a través de distintas canles en internet, como a E-trad de Vigo.






Pasear a pé polo contorno exterior da **MURALLA** de Lugo, reservado case na súa totalidade ao tránsito rodado, comeza a ser unha realidade. Durante a crise do COVID-19, pechouse o carril máis próximo á muralla, que foi inmediatamente ocupado por bicicletas, patíns, corredoras e paseantes en solitario ou en familia. Mais esta medida inicialmente provisional vaise converter en permanente. Esta decisión únese á xa prevista peonalización completa doutros dous tramos da ronda que rodea a muralla.



As nosas **FESTAS POPULARES** están este verán no aire. Algunhas foron directamente suspendidas (as de gran aforo) e a maioría quedan a expensas da evolución do COVID-19. Non obstante, parece que as que se celebren optarán por acomodarse a formatos reducidos, con aforo limitado de público, sentado e respectando a distancia de seguridade, combinado con contidos en *streaming*, compartidos en internet.



Os actos reivindicativos nas rúas leváronse este ano 2020 ás fiestras, balcóns e, sobre todo, ás redes sociais. O mesmo destino parece que terán os actos que, con ocasión do Día do orgullo **LGTBI**, terán lugar na fin de semana do 26 ao 28 de xuño e o día 28 día conmemóranse os disturbios de Stonewall (Nova York) de 1969, que marcaron o inicio do movemento de liberación homosexual. O Festival Agrocuir da Ulloa, que este ano chegaría á súa 7ª edición, tamén fica neste intre en espera.



No mes de maio marchou **Marcos Mundstock**, orador de Les Luthiers. Era, ademais, actor e locutor. Mundstock alabou a capacidade do sentido do humor para ver as cousas dun xeito distinto, lúdico e, sobre todo, lúcido onde non chegan outros mecanismos da razón. “O sentido do humor apréndese e mellora co tempo. Ninguén nace rindo”.  
*Non son un completo inútil. Cando menos sirvo de mal exemplo.  
 Ter a conciencia limpa é síntoma de mala memoria.  
 Calquera tempo pasado foi anterior.*

*“Pase o que pase, sempre recibes moito máis do que dás”*



*Manaia é unha asociación de adopción e acollemento de ámbito galego que iniciou a súa andadura en xuño de 2006, por iniciativa dun grupo de familias adoptantes. Falamos co seu coordinador, Antón Mouriz Fernández, contaxiadas co entusiasmo e a paixón que pon ao falar do proxecto.*

**Comecemos polo principio, que é adoptar e que é acoller?**

A adopción e o acollemento son dúas medidas de protección da infancia e recollen o dereito de calquera nena ou neno en desamparo a vivir nunha familia suficientemente competente para garantir a súa crianza. É dicir, non son medidas para que as familias poidan ter fillas ou fillos; é ao revés, serven para que as crianzas poidan contar coa mellor familia posible no caso de que as de orixe non poidan exercer axeitadamente polo motivo que sexa. O ben superior de nenas, nenos e adolescentes ten que colocarse por riba de todo o demais. A gran diferenza entre a adopción e o acollemento é que a primeira é para sempre e a segunda é temporal.

**Unha vez que unha familia adopta e xa ten a súa crianza na casa, para que necesita o apoio dunha asociación?**

Basicamente para poder ter contacto con outras familias que estean en circunstancias parecidas. Tamén para atopar eses apoios que dificilmente hai noutros espazos. A crianza dunha nena, neno ou adolescente adoptado non é exactamente igual que a de quen non pasou por esa experiencia e moitas das ferramentas habituais que adoitamos utilizar non serven. Non se

pode atender e educar unha persóia que vén de experiencias diferentes do mesmo xeito que as que non pasaron por elas. E, por suposto, para acompañarnos e aprender unhas familias das outras.

**Cóntanos algo das actividades e dos espazos que ofrecedes desde Manaia...**

Manaia procura ser un lugar de encontro para as familias adoptivas e acolledoras, independentemente do mo-

**Tratamos de acompañarnos e aprender unhas familias das outras**

mento do proceso no que se atopen, un lugar para compartir e aprender sen sentirse xulgadas. As nosas actividades están enfocadas a iso e tentan axudar a comprender e atender mellor a realidade da adopción e a das nosas fillas e fillos. Xa levamos catro anos co “Programa de Preparación, Apoio e Acompañamento ás Familias Adoptivas” en colaboración coa Xunta de Galicia. Dende aí facemos acompañamento ás familias, programamos acti-



asociación galega de adopción e acollemento

vidades formativas e organizamos xuntanzas, como mínimo unha vez ao mes nos sete grandes concellos de Galicia, coa intención de acercarnos o máximo posible ás familias que o precisan e diminuír así os efectos da dispersión xeográfica típica da nosa nación.

**E séguese pensando en bebés ou cambiou a nosa ollada á hora de querer adoptar?**

A primeira idea, xeralmente, é a de pensar nun bebé. É lóxico e normal xa que é o imaxinario da maternidade e a paternidade que temos. Pero en canto se vai tendo información sobre a adopción, o perfil dos ofrecementos vai mudando. Penso que esta é unha das grandes tarefas das asociacións: amosarlles ás persoas que se interesan cal é a realidade e axudalas a aproximarse aos perfís habituais das nenas, nenos e adolescentes adoptables.

**Que necesita unha familia que queira adoptar?**

Primeiramente que saiban realmente que é a adopción, que teñan claro cales son os retos aos que van enfrontarse. Que entendan que tamén adoptan o pasado desa nena ou neno e a súa familia de orixe. Que acepten que sempre vivirán na incerteza de non sabelo todo, de non ter todas as respostas... Pero, sobre todo, que sexan flexibles, con capacidade para mudar os seus patróns educativos, as súas certezas e, incluso, as súas crenzas máis arraigadas.

**Manaia é unha asociación galega con sentido de país... Como valorades o feito das adopcións internacionais?**

A verdade é que non diferenciamos moito as adopcións nacionais das internacionais. Pensamos que todas as adopcións, sexan onde sexan, ademais de legais deben ser éticas e isto é o que tentamos trasladarlles ás familias. Non podemos aproveitarnos de situacións sociais complicadas, nin aquí nin fóra das nosas fronteiras. Sempre recomendamos non facer nada que despois non sexamos quen de contarlle á nosa filla ou fillo.

**Tamén están as chamadas “adopcións especiais”.**

Si, aínda que para nós todas as adopcións son especiais, tecnicamente existe esta diferenciación para as nenas, nenos e adolescentes maiores de 8 anos, para os grupos de 3 ou máis

irmáns e para as que teñen algunha enfermidade ou diversidade funcional. Para nós deberían denominarse “adopcións prioritarias”, xa que son o perfil máis habitual e nas que máis atención deberíamos poñer.

**Recentemente, Manaia está promovendo tamén o acollemento familiar, cóntanos algo diso.**

Levabamos moito tempo pensando que a adopción e o acollemento, aínda que son diferentes por definición, comparten moito máis do que xeral-

**Na adopción, a diversidade familiar está cada vez máis presente**

mente se pensa e no 2018 aprobamos pasar a ser unha asociación para cubrir as necesidades de familias en calquera das dúas medidas. O acollemento familiar é a medida máis potente coa que se conta para atender as necesidades primordiais dun ser humano declarado “en desamparo”. É rápida, modificable e adaptable a cada situación



*“Pase o que pase, sempre recibes moito máis do que dás”*



e é, ou debería ser, a antesala da volta coa familia de orixe ou da adopción. Xa está suficientemente demostrado que as nenas, nenos e adolescentes, na maioría dos casos, medran mellor en familia que en centros. Por iso pensamos que o grosa dos esforzos estruturais e económicos das administracións deberían ir cara a promover e mellorar o acollemento familiar.

**Hoxe falamos de diversidade familiar, de familias monoparentais, de familias con dúas nais ou dous pais...**

**O perfil das familias que pensan en adoptar ou en facer acollemento familiar cambiou nestes últimos anos?**

Neste caso a adopción e o acollemento son un claro reflexo da sociedade que habitamos e, por sorte, cada vez a diversidade está máis presente.

Agás na adopción internacional, que se rexe polas normas e leis do país de orixe das crianzas e adoitan ser máis restritivos nestes aspectos, en Galicia poden adoptar ou acoller familias de calquera tipo e condición: monoparentais, homoparentais, parellas de feito...

**Que outros cambios se están a dar?**

O cambio máis salientable é o descenso do número de nenas, nenos e adolescentes para adopción, a nivel mundial, e isto reflíctese nun menor número de familias con posibilidade

de adoptar. Nós sempre dicimos que cantas menos adopcións, mellor; porque iso significa que hai no mundo menos crianzas desprotexidas. Pero tamén é certo que neste tempos preséntanse outras realidades ao redor da adopción: a busca de orixes, cada vez máis frecuente; a adopción aberta, que ten como peculiaridade a posibilidade de contacto da crianza coa súa familia de orixe. Ou a aplicación da Lei Orgánica 8/2015 que solicita, entre

**Mensaxes como “o pasado non importa” fixeron moito mal: hai que formarse**

moitas outras cousas, que ningunha nena ou neno menor de 3 anos se críe nun centro, algo que, por certo, non estamos a cumprir...

**“Indómito y entrañable” desvela unha realidade complexa, mesmo dura, da adopción. “El huracán y la mariposa”, máis recente, tamén. E foron escritos**

**respectivamente por un pai e unha nai que adoptaron...**

A realidade da adopción é diversa, igual que o son as persoas adoptadas e as familias que adoptan. Pero basicamente temos que pensar que cando unha persoa chega a ser declarada “adoptable” é porque algo non foi ben coa súa familia de orixe, que seguramente non puido ou non soubo coidar axeitadamente. Agora sabemos moito das secuelas que deixa nas persoas a adversidade temperá e como marcan as súas vidas os diferentes acontecementos que viviron. Mensaxes coma “o amor todo o pode”, “o pasado non importa” ou “criade coma se non fose adoptado” fixeron moito dano, xa que evitaron que as familias se formasen e atendesen as peculiaridades das súas fillas e fillos de xeito adecuado.

**Entón, paga a pena adoptar? Paga a pena ser familia de acollida?**

No caso do acollemento está claro que se unha familia repite é porque a experiencia ten moito máis de bo que de malo. En xeral tanto as familias acolledoras coma as adoptivas, a pesar das adversidades, están moi satisfeitas. E na miña experiencia persoal teño claro que paga a pena: pase o que pase, sempre recibes moito máis do que dás.



## O teu porvir está cheo de esperanza (Xer 31, 17)

O noso Deus é un Deus compasivo que sofre onda os seus fillos e fillas, que se lle comoven as entrañas e anda na procura de levantar os que se inclinan baixo o peso da aflicción e empurralos á esperanza e á resistencia. A teoloxía feminista recorda de cotío que a resposta de Deus ao mal que acontece no mundo non se xoga na súa omnipotencia senón no seu amor. (Elizabeth A. Johnson, *La que es. El misterio de Dios en el discurso teológico feminista*, 330- 345).

A matriarca Raquel aparece na Biblia como un símbolo de gran forza cando se quere expresar dor, separación ou desamparo. A súa experiencia de sufrimento e perda que vive na súa familia permite a Xeremías (Xer 31, 15) e logo a Mateo (Mt 2, 17-18) presentala como a encarnación do desconsolo e a impotencia. Pero esa imaxe queda resignificada coa presenza consoladora de Deus. O profeta anuncia un tempo novo, non nado nos esforzos humanos, senón do corazón compasivo dun Deus que invita a ver a realidade máis aló das bágoas e o cansazo, asegurando que o porvir está cheo de esperanza (Xer 31, 16-22).

Ao longo destes meses no que o coronavirus cambiou as nosas vidas e a encheu de preguntas e incertezas, evocar de novo a Raquel e o modo en que Deus escoita o seu pranto pode ser un referente para a nosa fe e un modo de ofrecerlles ás nosas irmás e irmáns unha palabra sobre Deus que non quede presa de ritos ou de fórmulas milagreas.

A pregunta sobre Deus neste tempo ten na mirada feminina unha resposta que camiña da man de pequenas historias de vida, coma a de Raquel, que saben o que implica coidar, solidarizarse, abaixarse por amor e tamén afrontar a perda, acompañar e resis-

tir. As mulleres, polo lugar que as sociedades patriarcais sempre lles outorgaron, quizás poidamos entender mellor como Deus permanece a carón dos que están a sufrir e sufrirán as consciencias da crise que estamos a vivir no mundo. Esta afirmación non quere ser unha discriminación á experiencia relixiosa dos varóns, senón poñer o acento nun tema relevante para as mulleres e que estamos chamadas a elaborar teoloxicamente.

Deixo aquí as palabras de Ivone Gevara, por se axudan:

*“A transcendencia e a inmanencia do mal convidanme a vivir a Deus doutro xeito e tal vez a falar doutro xeito da Boa Nova. Os discursos menos absolutos, os discursos da incerteza ou da diversidade parecen máis doados nestes tempos difíciles. (...) animame a converterme á realidade que percibo, esa realidade mesturada, confusa, na que ningunha palabra pode ser definitiva, na que ningún Deus pode ser todopoderoso, ningún ben totalmente soberano e ningún mal a última palabra da vida.” (El rostro oculto del mal. Una teología desde la experiencia de las mujeres, 2002).*




Raquel chora polos seus fillos. Fresco do século XIV (Mosteiro de Marko - Macedonia)

Durante o coronavirus, evocar a Raquel e o modo en que Deus escoita o seu pranto pode ser un referente para a nosa fe

# Horizonte Universal

## Carta do Papa Francisco aos irmáns e irmás dos movementos e organizacións populares



© Servizio Fotografico L'Osservatore Romano

O Papa con representantes dos movementos populares no III Encontro Mundial celebrado en Roma no ano 2016

Benqueridos amigos:

Con frecuencia lémbrome dos nosos encontros: dous no Vaticano e un en Santa Cruz de la Sierra e confésolles que esta “memoria” me fai moito ben, achégame a vostedes, faime repensar en tantos diálogos durante eses encontros e en tantas ilusións que naceron e medraron alí e moitas delas se fixeron realidade. Agora, no medio desta pandemia, vólvoos recordar de modo especial e quero estar cerca de vostedes.

Nestes días de tanta anguria e dificultade, moitos téñense referido á pandemia que sufrimos con metáforas bélicas. Se a loita contra o COVID é unha guerra, vostedes son un verdadeiro exército invisible que loita nas máis perigosas trincheiras. Un exército sen máis arma que a solidariedade, a esperanza e o sentido da comunidade que reverdece nestes días nos que ninguén se salva só. Vostedes son para min, como lles dixen nos nosos encontros, verdadeiros poetas sociais que, desde as periferias esquecidas, crean solucións dignas para os problemas máis agudos da xente excluída.

Sei que moitas veces non se lles recoñece como é debido porque para este sistema son verdadeiramente invisibles. Ás periferias non chegan as solucións do mercado e escasea a presenza protectora do Estado. Tampouco vostedes teñen os recursos para realizar a súa función. Míraselles con desconfianza por superar a mera filantropía a través da organización comunitaria ou reclamar os seus dereitos no canto de quedaren resignados agardando a ver se cae algunha faragulla dos que posúen o poder económico. Moitas veces mastigan liortas e impotencia ao ver as desigualdades que persisten mesmo en momentos onde se acaban todas as excusas para soste privilexios. Emporiso, non se pechan na queixa: arremáñganse e seguen a traballar polas súas familias, polos seus barrios, polo ben común. Esta actitude de vostedes axúdame, cuestióname e ensíname moito.

Penso nas persoas, sobre todo mulleres, que multiplican o pan nos comedores comunitarios cociñando con dúas cebolas e un paquete de arroz un delicioso guiso para centos de nenos, penso nos enfermos, penso nos

anciáns. Nunca aparecen nos grandes medios. Tampouco os campesiños e agricultores familiares que seguen labrando para produciren alimentos sans sen destruíren a natureza, sen acapalaros nin especular coa necesidade do pobo. Quero que saiban que o noso Pai celestial míraos, valóraos, recoñeceos e fortaléceos na súa opción.

Que difícil é quedar na casa para quen vive nunha pequena vivenda precaria

**Vostedes son para min verdadeiros poetas sociais**

ou que directamente carece de teito! Que difícil é para os emigrantes, as persoas privadas de liberdade ou para aqueles que realizan un proceso de curación por adicción. Vostedes están aí, poñendo o corpo onda eles, para faceren as cousas menos difíciles, menos dolorosas. Doulles os meus parabéns e agradecemento de corazón. Espero que os gobernos comprendan que os paradigmas tecnocráticos (sexan esta-

docéntricos, sexan mercadocéntricos) non son abondo para abordar esta crise nin os outros grandes problemas da humanidade. Agora máis ca nunca, son as persoas, as comunidades, os pobos os que deben estar no centro, unidos para curar, coidar, compartir.

Sei que vostedes foron excluídos dos beneficios da globalización. Non gozan deses praceres superficiais que anestesian tantas consciencias. A pesar diso, sempre teñen que sufrir os seus danos. Os males que a todos feren, a vostedes golpéanos dobremente. Moitos de vostedes viven o día a día sen ningún tipo de garantías legais que os protexa. Os vendedores ambulantes, os recicladores, os feirantes, os pequenos agricultores, os construtores, os costureiros, os que realizan distintas tarefas de coidado. Vostedes, traballadores informais, independentes ou da economía popular, non teñen un salario estable para resistir este momento... e as corentenas fánelles insupportables. Quizais sexa tempo de pensar nun salario universal que recoñeza e dignifique as nobres e insubstituíbles tarefas que realizan; capaz de garantir e facer realidade esta consigna tan humana e tan cristiá: ningún traballador sen dereitos.

Tamén quixera invitalos a pensar no “despois”, porque esta tormenta vai terminar e as súas graves consecuencias xa se senten. Vostedes non son uns improvisados, teñen a cultura, a metodoloxía, pero principalmente a sabedoría que se amasa co lévedo de sentir a dor do outro como propio. Quero que pensemos no proxecto de desenvolvemento humano integral que anhelamos, centrado no protagonismo dos Pobos en toda a súa diversidade e o acceso universal a esas tres T que vostedes defenden: terra, teito e traballo. Espero que este momento de perigo nos saque do piloto automático, sacuda as nosas consciencias durmidas e permita unha conversión humanista e ecolóxica que termine coa idolatría do diñeiro e poña a dignidade e a vida no centro. A nosa civilización,



tan competitiva e individualista, cos seus ritmos frenéticos de produción e consumo, os seus luxos excesivos e ganancias desmedidas para poucos necesita facer un cambio, repensarse, rexenerarse. Vostedes son construtores indispensables deste cambio inadiable; é máis, vostedes posúen unha voz autorizada para testemuñar que isto é posible. Vostedes saben de crises e privacións... que con pudor, dignidade, compromiso, esforzo e solidariedade conseguen transformar en

**Quero que saiban que o noso Pai celestial míraos, valóraos, recoñéceos e fortaléceos na súa opción**

promesa de vida para as súas familias e comunidades.

Sigan coa súa loita e cóidense coma irmáns. Rezo por vostedes, rezo con vostedes e quero pedirlle ao noso Pai Deus que os bendiga, os colme do seu amor e os defenda no camiño dándolles esa forza que nos mantén en pé e non defrauda: a esperanza. Por favor, recen por min, que tamén o necesito.

Fraternalmente, Cidade do Vaticano, 12 de abril do 2020, domingo de Pascua.



Lidia Campos Chan



## Miguel Casalderrey “É precioso participar da comuñón vocal”



*Nestes tempos de virus, confinamentos e corentenas tiramos do refraneiro e recordamos que “quen canta, seu mal espanta”. E ninguén mellor para facérnolo entender ca Miguel Casalderrey, do grupo Maravallada. O seu son ferrados de corazón pola música, a cultura tradicional e o idioma do país.*

### **Quen es, Miguel?**

Son o fillo dunha familia traballadora de clase media, unha familia tradicional no ideolóxico e no relixioso, e aínda que me atopo nas antípodas nesas cuestións, recoñézome e reivindicome como produto dos principios que mamei na casa, o radical respecto ás persoas e á palabra dada.

Nacín, e continúo a vivir, no barrio do Burgo (Pontevedra), nos anos nos que cruzar a ponte para achegarse ao centro dicíase “ir al pueblo” ou cando volvías á casa, logo de ter feito os recados que a matriarca che encargara

## Maravallada traballa pola recuperación e difusión da cultura tradicional e do idioma do país

na tenda (de proximidade, como lle chaman agora) –un cacho de queixo, un anaco de marmelo, dúas botellas de auga (envase retornable) e unha bolsa de leite (“Xeve” era a que había daquela)– e non foran abondos os cartos que levabas, mandábante de volta coas pesetas que antes che faltaran. Sirva todo isto para a localización nun tempo e nun lugar que xa non son.

Na actualidade son traballador do sector público sanitario, ese mesmo que agora, debilitado, quere poñer remedio a este pesadelo distópico (maldita pandemia) ao que algúns modelos de sociedade nos trouxeron.

**Cóntanos un pouquiño que é o que fas e que é Maravallada...**

Eu sumo unha voz máis aos tres que formamos a sección de voces masculinas; a filosofía do noso grupo dentro de Cantos de Taberna é darlle o maior protagonismo ás voces. No noso repertorio non hai un só tema que sexa unicamente instrumental; pola contra, hai temas que non contan con ningunha instrumentación. Realmente *é precioso participar desa comuñón vocal*, un pracer cantar sen aditamentos.

O grupo foi o xermolo da Asociación Cultural Maravallada, que traballa pola recuperación e difusión da cultura tradicional e do idioma do país. Para darlle contido a estes principios, organizamos actividades como Cantos de Taberna e cantos de panxoliñas (desde 2012), obradoiros de canto, o multitudinario Aquí Cántase, a publicación da escolma *Repertorio tabernario...* E desde o ano 2015 vimos tamén facendo un evento ao que lle chamamos “Cunca Maravallada”, que quere darlles recoñecemento a entidades ou particulares que traballan a prol da cultura do país e da música tradicional.

### **Como chegas aquí?**

A Maravallada chego no ano 2015. Coñecía de tempo antes a todos os seus integrantes e seguía as súas convocatorias de Cantos de Taberna. Polo tanto, antes de ser membro, fun “usuario” das súas propostas. Acudín despois a un par de obradoiros que organizara a asociación (coa perversa intención de espertar o becho este de cantar); daquela algunha das hoxe compañeiras convidoume a acudir a un ensaio do grupo e desde entón... xa van cinco anos!

Dos 9 membros actuais (5 mulleres e 4 homes), eu fun a última fichaxe.

### **Que che aporta como persoa facer isto?**

Ademais do pracer meramente físico de engadir a túa voz a un conxunto





Maravallada ao completo

máis amplo, de escoitar os/as teus/túas compañeiros/as, que esa suma produce algo máis grande, un resultado enriquecido (probade e poderedes constatar o que estou a dicir), para os que cremos que o noso pequeno país ten unha cultura de seu que é preciso manter e proxectar cara adiante, dándonos a oportunidade, desde este pequeno eido que son os cantos de taberna, de facer país, de sementar interese, de espertar conciencias...

Para ilustrar o que estou a dicir, contovos outro dos eventos que organizamos: Aquí Cántase, uns cantos de taberna pero cun formato máis amplo (máis de 1 000 persoas cantando). Pois ben, desde o estrado onde estamos situados Maravallada para dirixir este evento, observas unha amplísima representación social, de idades, de sexos, supoño que de ideoloxías e crenzas, de linguas (moitos deles español-falantes), xente local e foráneos, e todos eles con ilusión, participando e divertíndose coa nosa cultura, cantando a nosa música no noso idioma. Iso todo me aporta formar parte desta asociación cultural!

**Como é o voso ritmo de traballo para organizar tanta actividade?**

Agás no tempo que vai entre mediados de agosto e finais de setembro, que

son de descanso, o resto do ano, sistematicamente os mércores, son o noso día de ensaio: hora e media de quentar gorxas, repasar temas do repertorio habitual, ensaiar co acordeón, gaita e percusións, propoñer a incorporación de novos temas, corrixir erros, valorar modificacións... Traballo si, pero de xeito moi ilusionante.

Ademais, temos que planificar con antelación suficiente as actividades.

*Á xente*  
**unicamente lle tes que dar un motivo para cantar e está todo feito!**

Comezamos o ano cos Cantos de Taberna, que adoitan ser entre xaneiro e maio (sempre o último venres de cada mes): propoñer tabernas, propoñer grupos que se axusten á nosa filosofía (a voz ten que ser o elemento principal)...

A seguinte actividade do ano, en orde cronolóxica, desde hai tres, é o Aquí Cántase; neste caso organizar este evento require comezar con ensaios

abertos en distintos centros culturais do concello de Pontevedra (3 ou 4 meses antes da celebración do acto central), establecer horarios, convocar os/as interesados/as, escoller as cancións, imprimir os libretos para os ensaios... E o *día do Aquí Cántase, como contaba antes, máis dun milleiro de persoas cantando a un tempo contigo, cinco cancións en cada unha das catro prazas, pois, que dicir!, inconmensurable, indescribable; en fin, participade cando teñades ocasión, non vos ides arrepentir.*

O seguinte acto do ano adoita ser a entrega da Cunca Maravallada no transcurso da Gala de Cantos de Taberna. Temos que propoñer e decidir a quen outorgarlle o recoñecemento, quen é o artista plástico que vai plasmar o agasallo (pintor, escultor...), quen aportará a parte musical da gala (outra volta aplicamos o noso criterio de música eminentemente vocal).

E chegamos ao último evento do ano, as Panxoliñas do Nadal; os primeiros anos con formato de concerto desde un pequeno estrado nalgunha das prazas da cidade; os últimos anos, aplicamos novamente a nosa fórmula participativa. Se é que *á xente unicamente lle tes que dar un motivo para cantar e está todo feito!* Supoño que

# Ferrados de corazón

Miguel Casalderrey

*“É precioso participar da comunión vocal”*



A praza de Curros Enríquez de Pontevedra no “Aquí cántase” 2019

haberá algún sisudo estudo científico que acredite que o canto, e especialmente cando é compartido, reporta beneficios de toda índole, cando miras as caras de quen participa, eu xuraría que afastan por un intre da súa cabeza outras cuestións.

## Como ves o que facedes en relación ao futuro?

A continuidade (Cantos de Taberna, Panxoliñas do Nadal, Aquí Cántase) teremos que adaptala á nova situación, a este novo concepto de normalidade. Recordemos que son actividades que

adoitan concentrar grupos numerosos de persoas; o distanciamento físico que require a nova situación non é o medio natural da nosa actividade.

Polo de pronto, o pasado 25 de abril co gallo do aniversario da Revolución dos Cravos colgamos no YouTube un vídeo interpretando o “Grândola Vila Morena”, ou o pasado día 1 de maio tamén no YouTube fixemos “Cantos na Varanda”.

Na medida do posible, sempre que a situación sanitaria o permita, tentaremos retomar a fórmula participativa (e

## A filosofía do noso grupo, dentro dos Cantos de Taberna, é darlle o maior protagonismo ás voces

presencial), volver a cantar xuntos nas tabernas e nas rúas, estender os nosos pulmóns e corazóns para utilizar a palabra, a voz, esa arma de construción masiva.

## Onde vos podemos atopar?

Podedes seguirmos en: [www.maravallada.gal](http://www.maravallada.gal) no Facebook ou en YouTube. E se alguén quere contactar con nós, pode facelo en [info@maravallada.gal](mailto:info@maravallada.gal)

[Entrevista completa en [www.irimia.gal](http://www.irimia.gal)]

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Mesa de redacción: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tif. 986 10 49 45.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilariño, Marta Sopeña, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu Molet, Marisa Vidal, Xan Guillén, Cristina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medin, Francisco Almuiña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López.

Corrección lingüística: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

Recepción de artigos e colaboracións en: [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

Subscricións: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela.

Tel.: 615 464 095 / [subscricions@asociacion-irimia.org](mailto:subscricions@asociacion-irimia.org)

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista:

[asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

Conta: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822

- Urbana, nº 8 - Santiago

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 650 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado





ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

## Acoller, adoptar, apostar pola vida



Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

## DEFENDER A TERRA É DEFENDER A VIDA. 5 ANOS DA LAUDATO, SI.

*Lembro unha misa, un 15 de agosto, onde un vello misioneiro se dispuña a dar a homilía sobre a Asunción de María. Foi ben curta: “Moito se discutía sobre a conveniencia ou non de declarar a Asunción de María coma dogma. Ese 1 de novembro de 1950, cando Pío XII o proclamou, saín á rúa e chovía en Londres”. O 24 de maio de 2015 o papa Francisco publicaba a encíclica “Laudatio, Si”. 5 anos despois, en medio dunha semana de celebracións sobre o documento, podemos dicir algo máis que o maravilloso tempo primaveral dese domingo.*

### Ouvir o clamor dos pobres e o clamor da Terra

Se por algo destacou esta Encíclica, o considerado documento máis importante de Francisco, é por fin a Igrexa católica pronunciábase por algo que realmente importa: a urxencia da crise ecolóxica e a busca dun futuro máis sostible para toda a humanidade. Moito se insiste nestes días de pandemia o carácter profético da *Laudato, Si*. Todo está interligado, e isto inclúe a ecoloxía, a sanidade, a economía e o desenvolvemento sostible. A COVID-19 parece que lle dá razón a Francisco e as súas preocupacións. Dise mesmo que as súas palabras son unha profecía e un camiño que nos desafia profundamente, buscando un cambio profundo, cultural e económico. Pode ser, mais profecía é tamén falar do que realmente importa a nosa humanidade.

### Louvar e dar as grazas

A Encíclica non é unicamente unha chamada á conversión ecolóxica, “ao coidado da casa común.” É unha louvanza, como o seu propio título indica. E non debemos ficar unicamente no agradecemento de que a Igrexa se ocupe do que realmente importa, senón agradecer, aínda que desde o noso país nos pareza afastado, dos grandes pasos que se deron neste lustro: - A creación do Dicasterio para o Servizo do Desenvolvemento Humano Integral (2016), onde se agrupou os temas relativos a migrantes, vítimas desastres naturais e conflitos armados, doentes e excluídos, prisioneiros, desempregados e vítimas da violencia e da tortura, boa proba desa aposta porque todo está interligado (LS 91). - O impulso dos movementos xuvenís polo coidado da casa común (2018), desde onde se propuxeron campañas contra a industria fósil e a favor das enerxías renovables. - O Sínodo da Amazonia (2019), onde entre outros moitos “espiñentos” aspectos, incorporou o concepto de pecado ecolóxico, presentou un novo modelo para a Igrexa e para a sociedade, pondo como exemplo para a mundo aos pobos indíxenas. - O impulso da Celebración Eucuménica do Tempo da Creación, unha aposta polo diálogo interreligioso, co tema da ecoloxía e da fe de fondo.



### Unha chamada a todos nós

A encíclica, por moi boa que for, é un simple documento. Mais é unha chamada a cada un de nós, a unha conversión ecolóxica. Está a realidade macroestrutural, comunitaria, mais todo parte dunha experiencia individual. A relación que nós, cada un, coma ser humano, temos coa casa común. Somos nós mesmos a Terra, somos parte da Creación. Aproveitemos esta semana de celebración, 5 anos despois, para nos lembrar que estamos chamados a coidala, non porque o teñamos que facer, senón porque somos parte dela.



# Falando da lingua

Lidia e Valentina

## E chegou unha “instrucción”

Era para rir se o conto non fora tan triste. Na situación complexa que estamos a vivir, na que quedamos coa impresión de que o ensino non é “esencial”, batemos coa dura realidade de que -nesta Gali-España, de moitas bandeiras vermellas e amarelas e moi poucas azuis e brancas- o galego é desprezado ata o límite. Acaba de pasar o Día das Letras e vennos á cabeza aquela máxima que proclamou Carvalho Calero “O galego, ou é galego-portugués ou é galego-español”. El empregou esta sentenza para reivindicar a súa postura lusista e, sen meternos agora en cuestión normativas, aproveitámola para deixar de manifesto dúas evidencias ao respecto do goberno “galego”:

- a-Ten nulo interese na recuperación da lingua que lle dá nome á autonomía (a galega), á que desprestixia e, cada vez, con menos disimulo.
- b-Sabe que, ao irmos mesturando o galego co castelán, a lingua de Rosalía acabará morrendo se cada vez se parece máis a un dialecto da lingua cervantina: pasará a ser castelán con trazos do noroeste da península.

E para mostra... o documento que veñen de publicar desde a Consellería de Educación (non de Medio Rural ou de Economía, que tamén estaría mal, pero de Educación!), coas “Instruccións” (que xa hai 17 anos que se escribe con un “C”!!!) para a reapertura parcial dos centros de ensino. Que pasaría se o goberno central nos dese “Instruciones”?

Non é motivo deste artigo que publiquen o documento á media tarde dun venres para que o luns estea todo a funcionar!!, pero si a súa calidade lingüística. As présas poderán xustificar grallas varias, pero non que o texto estea con erros por descoñecemento

da lingua, ao que se lle xunta o desleixo máis absoluto. Para que vos fagades unha idea, campan no texto desde letras que non hai no galego (“y”), palabras en castelán (presencia), esdrúxulas sen acentuar (“retornase” ou “ultimo”) ou contraccións da preposición “a” co artigo “a” ou “as”, ás que nunca lles puxeron o til. Logo pónenlle til a “dá” e “dás” cando son contraccións de de+a; mentres que o que se acentúa é o verbo. Se todo está ao revés dificulta enormemente a lectura. Que buscan? Que se pida que escriban xa directamente en castelán? Non, non, en galego e de calidade.



**o amor pola lingua é infinito**

## O fachineiro do odio

### Alcanfor e anilina



Hai que partir da premisa de que co 33% da poboación, polo menos, este fachineiro nunca consideraría compartir unha mesa para tomar un café e levar unha conversa máis alá dunha resposta fática, desas de ascensor. Pero ao mellor hai que revisar a porcentaxe porque me ferve o sangue cando vexo quen reclama liberdade desde o descapotable coa bandeira de Colón atada ao pao de golf. Cando o fachineiro ve de quen vén sendo esa xentiña sempre lembra a descrición de Vicente Risco *n’O porco de pé*: don Celidonio é igual por dentro que por fóra: carne e espírito son *a mesma zorza*, mesturada e revolta, co *mesmo* adubo de *ourego e pemento*. *O malo é que os celidonios de hoxe, ademais de ricos, teñen o apoio ou dominio das redes sociais e a capacidade de manipulación dos que non son ricos pero si manipulables. E o adubo non é ourego e pemento, senón o racismo, machismo, desprezo pola cultura, homofobia, odio ao diferente e varios ismos máis. Sempre estiveron aí: son os que antes levaban as bandeiras pingando anilina coma no poema de Luís Pimentel. Disque dixo Rajoy hai xa anos “hay que ver cuantos fachas votan a mi partido”. Deixando á parte o cinismo da frase, esa seita -máis que sector- da poboación, é unha pandemia para a que non hai doada vacina.*

A.Q.